

RESUMO PROGRAMACION BIOLOXÍA E TECNOLOXÍA 1º ESO

1. OBXECTIVOS.

OBX1 Interpretar e transmitir información e datos científicos argumentando sobre eles e utilizando diferentes formatos para analizar conceptos e procesos das ciencias biolóxicas e xeolóxicas

OBX2 Identificar, localizar e seleccionar información, contrastando a súa veracidade, organizándoa e avaliándoa criticamente para resolver preguntas relacionadas coas ciencias biolóxicas e xeolóxicas.

OBX3 Planificar e desenvolver proxectos de investigación, seguindo os pasos das metodoloxías científicas e cooperando cando sexa necesario para indagar en aspectos relacionados coas ciencias xeolóxicas e biolóxicas.

OBX4 Utilizar o razoamento e o pensamento computacional, analizando criticamente as respostas e solucións e reformulando o procedemento, de ser necesario, para resolver problemas ou dar explicación a procesos da vida cotiá relacionados coa bioloxía e coa xeoloxía.

OBX5 Analizar os efectos de determinadas accións sobre o medio ambiente e a saúde baseándose nos fundamentos das ciencias biolóxicas e da Terra para promover e adoptar hábitos que eviten ou minimicen os impactos ambientais negativos, que sexan compatibles cun desenvolvemento sostible e que permitan manter e mellorar a saúde individual e colectiva.

OBX6 Analizar os elementos dunha paisaxe concreta valorándoo como patrimonio natural e utilizando coñecementos sobre xeoloxía e ciencias da Terra para explicar a súa historia xeolóxica, propoñer accións encamiñadas á súa protección e identificar posibles riscos naturais.

2. MATERIAIS DIDÁCTICOS.

Libro de texto, Bioloxía e Xeoloxía 1º ESO. Editorial Santillana.

Aula virtual. Material fotocopiado doutros libros,

Materiais do laboratorio: maquetas, minerais e rochas,....

Contidos por avaliación:

Secuencia	* Título da UD	Descrición	*Nº de sesións 105	*% Peso na materia 100	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A xeosfera	Nesta unidade traballarase sobre a estrutura interna da Terra e levarase a cabo unha introdución á Teoría da tectónica de placas.	12	11	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
2	Atmosfera e hidrosfera	Nesta unidade trataremos a atmosfera e a hidrosfera. Atmósfera: a súa composición e estrutura; as funcións que desempeña a	11	11	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
3	A biosfera	Nesta unidade estudaranse os seres vivos, as células, as funcións vitais, a clasificación dos seres vivos e os cinco reinos.	12	12	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
4	Moneras, fungos e protistas	Nesta unidade estudaranse tres dos cinco reinos nos que se clasifican os seres vivos: os moneras e os protistas. Estudaránse as características	12	11	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
5	O reino das plantas	Nesta unidade estudarase o reino das plantas, as súas características xerais, funcións vitais e importancia. Tamén se estudará a clasificación das	12	11	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
6	Os animais invertebrados	Nesta unidade estudaranse os principais grupos de invertebrados, as súas principais características e a súa importancia nos ecosistemas e para as	12	11	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
7	Os animais vertebrados	Nesta unidade vaiase aprofundar no estudo dos vertebrados e vanse describir os principais trazos anatómicos dos diferentes grupos de vertebrados.	12	11	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
8	Os ecosistemas	Nesta unidade estudaranse os principais compoñentes do ecosistema e as relacións que se establecen entre eles, así como a súa	11	11	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
9	O ser humano e o medio ambiente	Nesta unidade centrarase nos impactos ambientais, o quecemento global e as solucións a esta problemática, como o desenvolvemento sostible.	11	11	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>

3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.

Cada avaliación realizarase entre 2 e 3 probas escritas cos contidos específicos asociados aos criterios de avaliación. En cada unha das tres avaliacións, realizarase unha media aritmética das notas das probas escritas. Esta media, representará o 70% da nota da avaliación.

O outro 30%, vén definido por criterios de avaliación que asociados a distintas rúbricas e listas de cotexo que se analizarán en distintos procedementos de avaliación ao longo de todas as unidades:

- Prácticas de laboratorio
- Traballos cooperativos
- Traballos individuais
- Caderno de aula
- Proxecto científico
- Fichas de actividades de consolidación
- Fichas de actividades de reforzo
- Fichas de actividades de ampliación
- Actitude do alumno de cara á materia e o esforzo na clase, incluíndo neste apartado o coidado do material de traballo

Polo tanto, os pesos para o cálculo da nota final en cada avaliación estarán representados por:

70% probas escritas

30% táboas de indicadores

A nota da avaliación final será calculada como a media aritmética das notas das tres avaliacións parciais.

4. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

Procedemento de avaliación: proba obxectiva escrita. Instrumento de avaliación: proba escrita. Peso no total do trimestre: 70 %

Procedemento de avaliación: tarefas. Instrumento de avaliación: táboa de indicadores, observación diaria. Peso no total do trimestre: 30 %

5. SISTEMA DE RECUPERACIÓN.

Cando un alumno/a non supere unha avaliación, realizaráselle unha proba escrita baseada nos criterios mínimos de aceptación das unidades asociadas a esa avaliación. A avaliación será superada cando a súa nota sexa igual ou superior a 5.

Cando un alumno/a teña dúas ou tres avaliacións suspensas, terá a oportunidade de facer unha proba extraordinaria baseada criterios mínimos de aceptación das unidades correspondentes. A avaliación será superada cando a súa nota sexa igual ou superior a 5.